



Cara a unha renovada teoloxía da sexualidade. Quince propostas

Javier de la Torre Díaz¹

Quixese con estas liñas trasladar algo das aprendizaxes destes últimos anos que como teólogo moral e laico adquirín ao traballar estes temas con certo interese. Preocúpame a necesidade dun novo modelo de teoloxía da sexualidade para dicir algo significativo aos homes e ás mulleres de hoxe. O estrondo que supuxo a *Humanae Vitae* en 1968 e os silencios tras os seus cincuenta anos (2018) reflicten na práctica moitos dos desafíos e das limitacións da moral católica actual. Este navegar entre silencios e estrondos é un bo punto de partida para estas pobres palabras que ofrecemos para renovar unha teoloxía da sexualidade.

1.- A renovación pasa por abandonar o paternalismo e o clericalismo

Durante moitos séculos, o paternalismo médico, o paternalismo político-xurídico e o paternalismo eclesiástico gobernaron coas súas orientacións xerárquicas e autoritarias o corpo humano, a cidade e a alma. Na modernidade foise conquistando un modelo democrático de goberno na *polis*. No ámbito cristián católico non foi até o Concilio Vaticano II cando se puxeron os primeiros cimentos dunha eclesioloxía de comunión, menos xerárquica e máis atenta á sinodalidade do primeiro milenio. Moitos non asumen un modo de vivir adulto e seguen afeitos a facer o que manda a santa Madre Igrexa, a un estilo marcial e militar de obedecer. Moitos clérigos

¹ Javier de la Torre é doutor en Dereito e licenciado en Filosofía e Teoloxía moral. Actualmente dirixe a Cátedra de Bioética e o Máster de Bioética da Universidade Pontificia Comillas e presidente do Comité de Ética desta universidade.

están afeitos a mandar e a dirixir, a ter certo control e autoridade sobre o comportamento doutros. Hoxe resulta decimonónico o paternalismo eclesial en temas de moral sexual conxugal por parte de clérigos e célibes e un estilo de moral claramente clerical que se «entremete» na intimidade dos outros. Unha renovada teoloxía moral parte de saber falar horizontalmente e compartir experiencias mutuas sobre os afectos e a sexualidade, clérigos e laicos.

Xa superamos, grazas a Deus, o paradigma piano (entre Pío VII –1800– e Pío XII –1958–), que se caracteriza por unha Igrexa que se afirma a si mesma, unha mentalidade conservadora e defensiva ante o mundo cambiante e unha concepción xerárquica, autárquica e clerical. Un exemplo paradigmático é Pío X cando en *Veherementer Nos* en 1906 afirmou sobre o ser da Igrexa:

Esta sociedade é, por tanto, en virtude da súa mesma natureza, unha sociedade desigual (*inequale*); é dicir, unha sociedade composta de distintas categorías de persoas: os pastores e o rabaño, isto é, os que ocupan un posto nos diferentes graos da xerarquía e a multitude dos fieis. E estas categorías son de tal modo distintas unhas doutras, que só na categoría pastoral residen a autoridade e o dereito de mover e dirixir aos membros cara ao fin propio da sociedade; a obriga da multitude, en cambio, non é outra que deixarse gobernar e obedecer docilmente as directrices dos seus pastores.

2.- A renovación parte da realidade e proximidade á experiencia da sexualidade

Gaudete et Exultate afirma con profundidade:

«En realidade, a doutrina, ou mellor, a nosa comprensión e expresión dela, non é un sistema pechado, privado de dinámicas capaces de xerar interrogantes, dúbidas, cuestionamento, e as preguntas do noso pobo, as súas angustias, as súas pelexas, os seus sonhos, as súas loitas, as súas preocupacións, posúen valor hermenéutico que non podemos ignorar se queremos tomar en serio o principio de encarnación. As súas preguntas axúdannos a preguntarnos, o seu cuestionamento cuestiónanos» (44).

A Comisión Teolóxica Internacional no documento *O sensus fidei na vida da Igrexa* sinala con claridade:

O que é menos coñecido e xeralmente recibe menos atención, é o papel xogado polos laicos no referente ao desenvolvemento do ensino moral da Igrexa. É por tanto importante referirse tamén á función desenvolvida polos laicos no discernimento da comprensión cristiá do apropiado comportamento humano, de acordo co Evanxeo. En certas áreas, o ensino da Igrexa desenvolveuse como resultado de que os laicos foron descubriendo os imperativos derivados das novas situacións (73).

O documento pon o exemplo de recibir interese por diñeiro na resposta de Pío VIII ao bispo de Rennes (1830), nos pioneiros sociais e pensadores que influíron na *Rerum Novarum* de León XIII ou o compromiso de moitos cristiáns na loita polos dereitos humanos na declaración sobre a liberdade relixiosa, *Dignitatis Humanae* (C. Vaticano II). Se nestas áreas é claro, no tema da sexualidade é evidente.

O afastamento da realidade de certos discursos de moral sexual é unha constante na maioría das reflexións da sexualidade. As Conferencias Episcopais alemá, suíza, belga e francesa, por exemplo, recalcaron con diferentes palabras esta distancia da realidade nas súas contestacións á enquisa realizada polo papa para preparar o Sínodo extraordinario sobre a familia, de outubro de 2014: descoñecemento, incompreensión, rexeitamento, afastamento, rigorismo, ruptura, etc. A distancia da realidade da Igrexa nestes temas é o que resalta como máis preocupante o vello cardeal Martini ao final da vida acerca da HV:

Moitas persoas afastáronse da Igrexa, e a Igrexa afastouse dos homes. Produciuse un gran prexuízo... É en certo modo trágico que a Igrexa se teña afastado tanto dos afectados por estas cuestións e dos que buscan respostas para elas².

2 C. M. MARTINI, *Coloquios nocturnos en Jerusalén*, San Pablo, Madrid 2008, p. 141.

O documento de traballo (*Instrumentum Laboris*) do Sínodo de 2014 recoñecía a «enorme brecha entre a doutrina da Igrexa e a sociedade civil... da diferente antropoloxía de fondo» (126). Como afirma o cardeal Kasper: «Moitos cristiáns non poden comprender xa algúns aspectos da moral sexual, matrimonial e familiar da Igrexa. A ninguén con experiencia pastoral lle sorprendeu ese resultado»³.

Por iso unha boa teoloxía da sexualidade debe comezar por *escoitar a experiencia humana*. A teoloxía o primeiro que ten que facer é ser oínte, escoitar a palabra e a experiencia do pobo de Deus.

3.- A renovación pasa por ofrecer unha mensaxe para todos os seres humanos e para todo o pobo de Deus e non un conxunto de normas para minorías selectas e moi motivadas

A renovación supón a superación do rigorismo moral dominante na moral sexual desde hai séculos. O seu pesimismo ante a natureza humana, a súa centralización no pecado (non hai parvidade de pecado en materia sexual), a crenza na salvación duns poucos por parte dalgunhas teoloxías e prácticas (elitismo), a negación ou sospeita da existencia dunha moral natural, o rexeitamento da ignorancia invencible, unha práctica sacramental rigorosa e puritana marcaron a moral sexual cun maximalismo da graza e unha infravaloración da natureza verdadeiramente letais nalgúns aspectos. Hai detrás una certa soberbia refinada de elites elixidas, satisfeitas coa pureza do seu radicalismo, que non se contaminan dun mundo impuro afastado do evanxeo, encerradas nos seus pequenos cenáculos. Este xansenismo moral tentouse impoñer a toda a Igrexa desde o s. XVII con consecuencias desastrosas para a maioría da poboación.

Desde o século XIX percibiuse claramente como gran cantidade de cristiáns católicos incumprían determinados puntos da moral sexual. Como afirma a Conferencia Episcopal Alemá na súa contestación ao cuestionario para preparar o Sínodo de 2014: «Unha

3 W. KASPER, *El mensaje de Amoris Laetitia. Un debate fraterno*, Sal Terrae, Santander 2018, 22.

minoría, inferior ao 3 %, inclínase a favor dos métodos de control de natalidade natural e practícaos por convicción persoal, aínda que a miúdo tamén o fai por motivos de saúde». Esas minorías son case sempre persoas pertencentes a certas asociacións e grupos eclesiais de corte conservador.

Esta distancia ou separación da maioría dos católicos en Europa e en América en temas sexuais (80-90 %) como a anticoncepción, a valoración da homosexualidade, as relacións prematrimoniais, a comprensión da masturbación, a obriga de vivir castamente os divorciados que casaron de novo por motivos serios ou o celibato sacerdotal obrigatorio implican, máis aló dos temas concretos, unha percepción diferente do sentido e do valor da sexualidade. Só certas «minorías» están «intimamente convencidas» da exactitude desas perspectivas, vívenas e séntense plenamente satisfeitas con esta mensaxe (2-3 %). A maioría dos católicos non senten esa luz e ese gozo na doutrina eclesial da sexualidade.

A Igrexa non ten que anunciar unha mensaxe de sancristía só comprensible a grupos pechados e estraños. A Igrexa ten que achegarse «aos moitos», «a todos». *Amoris Laetitia* acode sen rubor á filosofía, á literatura, ao cinema, á socioloxía, á psicoloxía máis ca á lei natural. A Igrexa ten que ter unha mensaxe comprensible coas claves da súa cultura. Só así pode chegar e tender pontes a todos. Hai sementes do verbo en todos os ámbitos (san Xustino), hai que atopar a Deus en todas as cousas (san Ignacio). A intuición fundamental do papa é que cada persoa, en cada situación, por moi complexa que sexa, é alcanzada e atraída por Deus, que lle ofrece sempre un camiño para achegarse e unirse máis a el (EG 112-113).

4.- A renovación pide deixar ao carón os ideais demasiado elevados e as esixencias desproporcionadas

Hai que superar unha moral normativa e de esixencias. A moral sexual foi de normas e tabús, do sexto e noveno mandamentos, de prohibicións e pecados. *Amoris Laetitia* repíteo incesantemente. Non «pretender resolver todo aplicando normativas xerais» (2).

Hai que ir máis aló da denuncia de males e de impoñer normas (35). Non hai que quedar nun anuncio meramente teórico, nin soamente presentar normas (201). «Un pastor non pode sentirse satisfeito só aplicando leis morais... coma se fosen rochas que se lanzan» (304). Non podemos impoñer esixencias extraordinarias sobre os ombreiros das persoas. Non podemos esixir a un cónxuxe inocente mozo que viva castamente o resto da súa vida cando foi enganado reiteradamente pola súa parella e foi abandonado.

Foi a distancia da realidade dos contextos matrimoniais, sociais, laborais e económicos o que fai expor un discurso excesivamente idealista, carente, en moitas ocasións, da máis necesaria prudencia e responsabilidade. A distancia, a ruptura, a brecha, fan que a moral sexual se viva como unha esixencia desproporcionada en moitas situacións. Esta ruptura entre a realidade e a norma supérase apelando á graza, á virtude e á misericordia cando non se pode alcanzar. O curioso para moitos, é que esta distancia non os leva a reformular o sentido profundo da norma. O «achegarse» da Igrexa redúcese, en certo sentido, a lembrar, a axudar a comprender a norma moral («non menoscabar en nada a saudable doutrina de Cristo é unha forma de caridade eminente» - HV 29). Este modelo de achegamento foi asumido predominantemente polos Pontificios Institutos Xoán Paulo II para estudos do matrimonio e da familia, tan presentes en moitas dioceses, que durante anos parecían marcados co selo da exclusividade da ortodoxia. A asunción deste modelo supuxo o esquecemento da distancia da Igrexa coa realidade da sexualidade matrimonial e prematrimonial, o abandono dos procesos de acompañamento de tantos matrimonios novos e parellas de feito nos seus procesos de crecemento e a renuncia a unha escoita máis plural de todos os representantes das comunidades eclesiais e dos seus diversos modelos de crecemento afectivo-sexual.

Mais non é suficiente con cambiar simplemente a linguaxe ou as formas. A «misión» procreativa en certas teoloxías do corpo sublínase máis radicalmente desde un idealismo da entrega, da doazón e da castidade, con certos discursos aínda moi afastados da

realidade, dos límites e dos condicionamentos das persoas. Cómpre superar un esquema deontolóxico, de normas e de obriga de obediencia e de apelación á virtude e ao esforzo. O esencial da moral cristiá non son os deberes, a norma, o esforzo, nunha cultura do crepúsculo do deber (Lypovetsky). Renovar é superar un paradigma normativo. Francisco non dá unha norma, senón abre un camiño, unha porta, un proceso. As normas non poden estenderse demasiado, de modo rigorista e casuísta, á complexidade de certas situacións. A solución non é nin unha norma antiga, nin novas normas.

5.- A renovación pasa por aceptar a falta de recepción nalgúns puntos da doutrina pola maioría dos fieis

A Comisión Teolóxica Internacional, no documento *O sensus fidei* na vida da Igrexa, apunta un feito claro: «Hai ocasións, con todo, en que a recepción do ensino maxisterial por parte dos fieis atópase con dificultades e resistencias, e requírese, en ambos os sentidos, dunha acción apropiada en tales situacións. O maxisterio debe considerar se este (ensino) necesita unha clarificación ou reformulación co obxectivo de comunicar de maneira efectiva a mensaxe esencial. Estes esforzos mutuos en tempos de dificultade expresan en si mesmos a comunión que é esencial para a vida da Igrexa, así como, do mesmo xeito, un anhelo pola graza do Espírito que guía á Igrexa «até a verdade plena» (Xn 16, 13)» (80).

Un autor tan ponderado como o xesuíta B. Sesboué afirma:

Moitos católicos sinceros estiman en conciencia que teñen dereito a non seguir ao pé da letra un ensino moral da Igrexa, por máis que se imparta de maneira insistente e repetitiva. Esta directriz moral non se comprende e non conseguiu o consenso popular. Sexa o que for da cuestión da infalibilidade deste punto doutrinal, parece urxente que poida instaurarse un novo diálogo eclesial e facerse oír a voz dos fogares⁴.

4 Cf. B. SESBOUÉ, *La infalibilidad en la Iglesia. Historia y teología*, Sal Terrae, Santander 2014, p. 363.

D. Mieth, nunha reflexión hai máis de dez anos, xa sinalaba que «entre os cristiáns e cristiás novos, teólogas incluídas, a axitación ten amainado. A HV non lles afecta xa existencialmente nin a eles nin á súa conduta». A conclusión é clara: «Corenta anos sen recepción dunha prohibición detallada deberían bastar para considerar unha revisión»⁵. A maioría dos cristiáns non xulgan o control de natalidade como un pecado e como unha materia de confesión, moitos non atopan pecado nunha relación prematrimonial dentro dun proxecto de parella (90 % dos católicos que casan pola Igrexa en Europa), moitos non atopan pecado nunha relación homosexual sincera e chea de respecto, etc. Renovar a moral sexual significa aceptar que certos puntos non foron acollidos pola maioría dos fieis.

6. Unha teoloxía renovada pasa por unha renovación real do maxisterio moral

O problema para moitos non é tanto a anticoncepción, a homosexualidade ou as relacións prematrimoniais senón o maxisterio moral da Igrexa. É o que xa angustiaba no Concilio a algúns padres conciliares. Un texto moi significativo é do Cardeal Ruffini:

Por respecto, non me estenderei aquí. Mais creo que debemos imitar a santo Agostiño, que non temía dicir que os esposos que non usan cristiamente o matrimonio caen no estupro e na prostitución. Non teñamos medo a dicir a verdade. E a verdade é que neste punto non hai nada novo que dicir: a verdade católica foi xa ben clarificada na *Casti Connubii* de Pío XI e no discurso de Pío XII ás comadras en 1951. Repitamos aquilo e deixemos este asunto.

A Igrexa, para certa concepción de catolicismo, ten a verdade. A Igrexa proclama a verdade, a verdade está recollida nas intervencións dos papas anteriores e o que hai que facer é repetir estas expresións e deixar ao carón os debates. A Igrexa non pode errar na súa doutrina. Estas palabras son todo un símbolo dunha postura

5 D. MIETH, «Cuarenta años de la *Humanae Vitae*»: *Concilium* n. 324 (2008) 149-150.

inmobilista: «Hai que volver a santo Agostiño», «Hai que dicir a verdade», «A verdade témola nós», «A verdade foi dita polos pontífices anteriores, e a nosa tarefa é calar diferenzas e repetir o dito anteriormente». Xunto con esta postura está o medo a estar equivocado o Maxisterio despois de tantos séculos. A doutrina para moitos autores non pode ser cuestionada, pois existe un constante ensino da Tradición e do Maxisterio. Por iso esta doutrina non está aberta á libre discusión.

A cuestión de fondo é se a Igrexa ten a verdade ou se, como afirma o Concilio Vaticano II, camiña cara a verdade: «A igrexa, no decurso dos séculos, tende constantemente á plenitude da verdade, até que nela se cumpran as palabras de Deus» (*Dei Verbum*, 8). Estar en camiño é unha actitude moi distinta de sentirse posuidor da verdade e máis nos temas da afectividade e da sexualidade.

A renovación pasa por asumir e aceptar a importancia do desenvolvemento da doutrina do maxisterio papal. Este dinamismo doutrinal é un tema sobre o que xa hoxe poucos parecen ter dúbidas. O Maxisterio romano ten ido profundando ao longo da historia as súas orientacións sobre a guerra, a pena de morte, a esexese bíblica, a evolución, a democracia, os dereitos humanos, a usura, a escravitude, etc.

A propia Congregación para a Doutrina da Fe xa recoñecía en *Mysterium Ecclesiae* (1973) a historicidade e a limitación das declaracións maxisteriais, que o sentido dos enunciados está condicionado pola lingua empregada nunha época e nun contexto situados, que unha verdade dogmática pode ser expresada dun modo incompleto nun primeiro momento e logo expresarse máis perfectamente nun contexto de fe máis amplo, que a Igrexa formula novos enunciados para aclarar verdades xa coñecidas nun contexto novo para resolver cuestións novas, que o Maxisterio pode levar nos seus contidos elementos caducos ligados a concepcións cambiantes, e que certas fórmulas poden ir cubríndose dunha certa opacidade en razón da distancia temporal e cultural. A renovación supón recoñecer que xunto aos «principios sempre válidos», pode haber xuízos continxentes e limitados.

7.- A renovación pasa por profundar a eclesioloxía de comunión

A eclesioloxía de comunión precisou anos para irse profundando. Paulo VI reservouse, como ben expresou a nota 14 da *Gaudium et Spes*, a decisión sobre o discernimento dos métodos anticonceptivos el só. Non consultou amplamente aos bispos e separouse da maioría de especialistas e teólogos da Comisión para os problemas da familia, da natalidade e da poboación. Ao final rodeouse dunha comisión de oito teólogos da súa confianza para que lle axudasen na redacción.

Co papa Francisco a sinodalidade ten profundado en gran parte e algunhas frases do seu pontificado son verdadeiramente profundas no seu sentido. A que quizais máis impacta é a que realizou precisamente ao conmemorarse os cincuenta anos da institución do Sínodo dos bispos por Paulo VI, o 17 de outubro de 2015. Alí, Francisco afirmou que o papa non está «... en por si, por encima da Igrexa, senón dentro dela como bautizado entre os bautizados e, dentro do colexio episcopal, como bispo entre os bispos, chamado como sucesor do apóstolo Pedro, a guiar á Igrexa de Roma, que preside no amor a todas as igrexas».

Se algo chama a atención deste papado é que aprende a poñerse límites para integrar máis profundamente a comunión e outras voces na Igrexa. Este ser «entre» outros (bautizado, bispo) é importante, pois o papa recoñeceu que non se debe esperar do maxisterio papal unha palabra definitiva ou completa sobre todas as cuestións que afectan á Igrexa ou ao mundo (EG 16) e «que non todas as discusións doutrinais, morais ou pastorais deben ser resoltas con intervencións maxisteriais» (AL 3).

8.- A renovación implica recoñecer que os diálogos e debates non foron fáciles

Nesta historia recente houbo momentos duros, como os debates entre cardeais na aula conciliar o 29 de outubro de 1964 e na Comisión preparatoria da *Gaudium et Spes*, a intervención de Paulo VI impedindo no concilio os debates sobre a anticoncepción

e o celibato sacerdotal, os debates na Comisión para o estudo da poboación e da natalidade, a contestación mundial á *Humanae Vitae*, a apelación de Xoán Paulo II a unha certa uniformidade de criterios nestes temas en diversas ocasións, as declaracións críticas de teólogos e, paralelamente, sancións a teólogos e libros por parte da Congregación da Doutrina da Fe (Häring, Curran, Farley, Vidal, etc.).

Doutra banda, durante estes anos, foi clara a importancia da aceptación sen fisuras da HV como criterio para ser promovido ao episcopado. A doutrina da HV volveuse practicamente indiscutible en moitos ámbitos eclesiais. Non foi durante moitos anos real o diálogo aberto sobre estes temas. Tamén se silenciaron no propio maxisterio as orientacións dalgunhas Conferencias Episcopais (Francesa, Alemá, etc.) de 1968.

Toda esta historia mostra a nosa dificultade para falar destes temas. Por iso cómpre lembrar que na Igrexa sempre houbo pluralidade teolóxica en certas cuestións. Tensións e debates morais na Igrexa houbo ante a *Casti Connubii*, en 1918-19, entre laxos e rigoristas, entre Báñez e Molina, entre xesuítas e dominicos, entre Cipriano e Tertuliano, entre san Bernardo e Abelardo.

O certo é que a falta de diálogo en profundidade na sexualidade empobreceu o diálogo moral e o ensino teolóxico. Moitas facultades de teoloxía nos temas de moral sexual distanciáronse aínda máis do mundo circundante fortalecendo os muros con máis altura e máis contrafortes. Á Igrexa, cos seus medos e parálises, cústalle integrar moitas dimensións positivas que os seres humanos e as ciencias humanas teñen descuberto sobre a sexualidade pola súa dificultade de diálogo fondo e sincero *ad intra e ad extra*.

9.- A renovación da moral sexual supón profundar na tradición viva da Igrexa e non conservar e fosilizar unha tradición do pasado

Como afirma o papa ao comezo da súa exhortación apostólica *Amoris Laetitia*, temos «necesidade de seguir profundando con liberdade algunhas cuestións doutriniais, morais, espirituais e pas-

torais» (AL 3). Mais non só hai que profundar, senón tamén reformar algunhas cuestións que non son do todo evanxélicas:

No seu constante discernimento, a Igrexa tamén pode chegar a recoñecer costumes propios non directamente ligados ao núcleo do Evanxeo, algúns moi arraigados ao longo da historia, que hoxe xa non son interpretados da mesma maneira e a súa mensaxe non adoita ser percibida adecuadamente. Poden ser belos, mais agora non prestan o mesmo servizo en orde á transmisión do Evanxeo. Non teñamos medo a revisalos. Do mesmo xeito, hai normas ou preceptos eclesiais que puideron ter sido moi eficaces noutras épocas, mais que xa non teñen a mesma forza educativa como leitos de vida (EG 43).

A tradición da Igrexa é un organismo vivo e cheo de forza do Espírito e non un morto co que cargamos durante séculos, unha laxa, unha pedra cada vez máis pesada. A Igrexa chama a unha fidelidade creativa ao Evanxeo e ao Espírito en cada época e non a repetir fórmulas. A sexualidade foi comprendida de forma diversa segundo épocas e documentos nos que influíu enormemente a cultura do momento. As palabras usadas para valorar os comportamentos cambiaron: contra natura, desorde, intrinsecamente deshonesta, linguaxe falsificadora do corpo, pecado mortal, etc. Bruno Forte define a tradición como «A historia do Espírito na historia da Igrexa». Na tradición viva da Igrexa, no proceso de transmisión, nada queda concluído nin por un Concilio nin por un determinado pontificado. O Espírito Santo guíanos cara á verdade plena até o final dos tempos (Xn 16, 13). Hoxe, co pontificado de Francisco, vivimos un gran momento do Espírito no que temos que descubrir a man do Espírito na nova vivencia da sexualidade que acontece.

10.- A renovación pasa por profundar no papel da Escritura

Todos sabemos os abusos que se fixeron de moitos textos lidos literalmente, sen contextualizar ou de modo redutivo en moral. Non podemos deducir as orientacións na sexualidade, no control de natalidade, na homosexualidade, na masturbación, na pornogra-

fía, etc., dun texto concreto. A luz da Escritura non é unha norma clara e precisa sobre certos métodos ou certas prácticas sexuais. A Biblia non é un libro de moral. Temos que descubrir na Escritura valores evanxélicos (vida, amor, coidado, opción polos máis vulnerables, fidelidade), historias de salvación e de crecemento, símbolos profundos, vidas exemplares, mitos de orixe, consellos sapienciais, cantos e poemas de amor, etc. A Biblia non pode ser mirada como un roteiro definido ou unha guía precisa de viaxe, senón como unha luz para o camiño da vida, como un faro que ilumina, como María somos exhortados a descubrir o rostro do Señor en metade das dificultades da vida, en metade das nosas crebadas historias familiares (AL 30). A Biblia alenta o noso camiño con valores, historias, novelas, poemas, símbolos, consellos, mitos orixinarios que nos dan vida e vida en abundancia.

11.- A renovación pasa por un diálogo máis profundo coas ciencias experimentais e humanas

Na teoloxía, sobre todo nos manuais, deberían terse moi en conta os novos datos da sexoloxía actual. Adiantouse moito desde Aristóteles e santo Tomás. Nese avance cómpre recoñecer o valor das contribucións de Ellis, Freud, Kinsey, Máster e Johnson, Kaplan, etc. A complexidade da sexualidade implica distintas dimensións como o biolóxico, o psicolóxico, o xenético, o cerebral, o hormonal, etc. Non podemos ser redutivos na nosa visión do natural e do sexual e debemos estar atentos aos procesos da ciencia. Falta integrar todas as dimensións positivas da sexualidade aprendidas no século XX e que non teñen marcha atrás. Temos recoñecido profundamente o valor positivo da sexualidade (fronte a unha visión pecaminosa), o valor de comunicación (máis aló da mera xenitalidade), o valor da sexualidade en todas as idades (máis aló do matrimonio), o valor de diferentes modos de vivir a sexualidade e a orientación sexual (fronte á única atención á heterosexualidade), os datos científicos sobre a fecundidade e o pracer sexual (fronte a un achegamento precientífico e moralizante)? Temos que falar desde unha visión positiva e gozosa da sexuali-

dade e non desde a sospeita, dende o medo, dende o pecado. Sen dúbida, as palabras positivas do papa Francisco en *Amoris Laetitia* foron un gran paso adiante: «Por algo será que un amor sen pracer nin paixón non é suficiente para simbolizar a unión do corazón humano con Deus» (AL 142). «Deus mesmo creou a sexualidade, que é un agasallo marabilloso para as súas criaturas» (AL 150). A dimensión erótica do amor é como un «don de Deus que embelece o encontro dos esposos» (AL 152). Fronte a case dous milenios de medos e de visión sospeitosa do pracer, hai unha mirada amable ao pracer, ao gozo e mesmo á paixón, chegando até a dicir que son símbolos da unión do ser humano con Deus. Por iso desde aí hai todo un camiño a percorrer: non ter medo da alegría, do gozo, da paixón. O papa repite en moitas ocasións esa frase da Escritura: «Fillo, trátate ben (...) Non te prives de pasar un día feliz» (Eclo 14, 11.14).

12.- A renovación pasa por profundar o Concilio e unha ética da responsabilidade

O Concilio, na *Gaudium et Spes* 50, sinalou con claridade un conxunto de criterios baseados en catro palabras centrais: responsabilidade, acordo común, conciencia e discernimento.

Por iso, con «responsabilidade» humana e cristiá cumpríran a súa misión e con dócil reverencia cara a Deus esforzaranse ambos, de «común acordo e común esforzo, por formar un xuízo recto», atendendo tanto ao seu propio ben persoal como ao ben dos fillos, xa nados ou aínda por vir, «discernindo as circunstancias» dos tempos e do estado de vida tanto materiais como espirituais, e, finalmente, tendo en conta o ben da comunidade familiar, da sociedade temporal e da propia Igrexa. Este xuízo, en último termo deben formalo ante Deus os esposos persoalmente. No seu modo de obrar, os esposos cristiáns deben ser conscientes de que non poden proceder ao seu antollo, senón que «deben rexerse sempre pola conciencia», a cal debe axustarse á lei divina mesma, dóciles ao Maxisterio da Igrexa, que interpreta autenticamente esa lei á luz do Evanxeo.

O momento actual é un momento privilexiado para recibir máis profundamente o Concilio. Con Francisco iniciouse unha nova fase de recepción do Concilio e de *Gaudium et Spes* 50. GS 50 é un texto central para a renovación moral proposta polo concilio. O texto non dá solucións senón que expón unha procura, unha responsabilidade, un discernimento, unha ponderación de bens, unha escoita dócil do Maxisterio. *Amoris Laetitia* segue esta senda establecendo en temas de moral sexual máis criterios e valores ca normas: diálogo, respecto da persoa, progresividade, apertura, responsabilidade, amor, solidariedade, fecundidade ampla, etc. A clave na sexualidade é un camiño de responsabilidade desde a nosa limitación e fraxilidade.

13.- A renovación pasa por outorgar un maior papel a conciencia

Xoán Paulo II, en 1988 sinalou:

Xa que o Maxisterio da Igrexa foi instituído por Cristo o Señor para iluminar a conciencia, apelar a esta conciencia precisamente para contestar a verdade de canto ensina o Maxisterio comporta o rexeitamento da concepción católica do devandito Maxisterio e da conciencia moral. Falar da inviolable dignidade da conciencia, sen ulteriores especificacións, leva aparelado o risco de graves erros. Non se pode dicir que un fiel realizou unha dilixente procura da verdade se non ten en conta o que o Maxisterio ensina; se, equiparándoo a calquera outra fonte de coñecemento, se constitúe el mesmo no seu xuíz; se, na dúbida, segue máis ben a súa propia opinión ou a dos teólogos, preferíndoa ao ensino certo do Maxisterio (n. 4).

Recoñecendo que unha visión estreita da conciencia, contraposta ao Maxisterio, non é católica, si que é, para moitos unha tarefa ineludible hoxe, situar de novo a conciencia nas súas dimensións positivas no edificio moral da Igrexa, como afirmou a tradición moral da Igrexa. Como di o papa Francisco:

Tamén nos custa deixar espazo á conciencia dos fieis, que moitas veces responden o mellor posible ao Evanxeo no medio dos seus límites e poden desenvolver o seu propio discernimento ante

situacións onde rompen todos os esquemas. Estamos chamados a formar as consciencias, mais non a pretender substituílas (AL 37).

A conciencia non é un tema menor en *Amoris Laetitia*. Aparece vinte e nove veces. Mais non é a conciencia moderna, individualista e illada, senón a conciencia que busca o que quere Deus de nós desde o Evanxeo e o Reino de Deus. Esa conciencia «moitas veces», afirma sorprendentemente o papa, fainos desenvolver un «discernimento propio» en situacións difíciles e responder evanxelicamente.

14.- A renovación pasa por animar unha hermenéutica máis ampla e orgánica

A sexualidade non se reduce a comportamentos. A sexualidade exprésase e vivénciase a través de pensamentos, sentimentos, desexos, imaxinación, fantasías, valores, crenzas, accións, actitudes, condutas, prácticas, relacións, papeis, etc. A sexualidade abarca o sexo, a orientación sexual, a identidade, os roles, o erotismo, o pracer, a vinculación coa reprodución, etc. Cómpre atopar un marco amplo, unha síntese superior, onde achen o seu lugar a conciencia cristiá, os principios (mal menor, totalidade, gradación, etc.), as dimensións sociais dos afectos e do desexo sexual, os aspectos educativos, as dimensións relevantes dunha cultura emotiva e expresiva, a nova construción da subxectividade nunha sociedade global, as influencias políticas, etc.

O 31 de xullo de 1968, na audiencia xeral en Castelgandolfo, Paulo VI afirmou de modo moi persoal que HV «é sobre todo, a presentación positiva da moralidade conxugal». Tamén sinalou con claridade:

É o esclarecemento dun capítulo fundamental da vida persoal, conxugal, familiar e social do home, mais non é un tratado completo do que se refire ao ser humano no campo do matrimonio, da familia, da honestidade dos costumes, campo inmenso ao cal o maxisterio da Igrexa poderá e deberá regresar cun deseño máis amplo, orgánico e sintético.

Normalmente preséntanse tres posturas posibles ante a moral sexual: silencio, asentimento e disenso. A outra possibilidade, aínda non suficientemente explorada, é a aberta polo propio Paulo VI dunha exposición doutrinal moito máis ampla, orgánica e sintética que a realizada até daquela. Isto supón promover os diálogos entre os teólogos e o maxisterio, favorecer unha comprensión máis clara da evolución moral e discernir a forma e o sentido das diferenzas morais na Igrexa. Esta mirada máis ampla e xeneralizada na linguaxe e na antropoloxía supón unha comprensión máis fonda e menos *fisicalista* da vinculación sexualidade e procreación, situar os temas sexuais dentro dos modos de vida, recuperar a centralidade do amor, descubrir o valor dos pequenos pasos –aínda que sexan só iniciais e confusos– dunha humanidade vulnerable, a procura dun exercicio máis humano e responsable da sexualidade. Esta mirada ampla supón valorar o importante que é no campo da sexualidade: previr, educar, axudar, aconsellar, estar presentes xunto ás persoas, acompañar.

Esta hermenéutica ampla supón deixar ao carón teorías e normas e propoñer profeticamente valores, moitas veces contraculturais, ao tempo que denunciar condicionamentos culturais, sociais, políticos e económicos na sexualidade (AL 201). Así, a teoloxía recuperaría a súa dimensión profética.

15. - A renovación supón buscar novos equilibrios e unha hermenéutica máis sintética

AL realiza unha hermenéutica sintética ao poñer no centro da súa exhortación o amor no precioso capítulo cuarto. É todo un tratado sobre o amor mutuo. Non é o amor romántico, senón o amor en transitivo, a outra persoa concreta nunha situación concreta e limitada, é o amor cotián.

A moral sexual foi obxecto de moitas obsesións estériles. Cómpre gardar unha adecuada proporción dos temas (EG 34), evitar desequilibrios pouco evanxélicos. Non se pode só insistir no sexo e esquecer sempre a caridade e a xustiza (EG 38). Como afirmou Francisco na entrevista ao P. Spadaro:

As ensinanzas da Igrexa, sexan dogmáticas ou morais, non son todas equivalentes. Unha pastoral misioneira non se obsesiona por transmitir de modo desestruturado un conxunto de doutrina para impoñelas insistentemente. O anuncio misioneiro concéntrase no esencial, no necesario, que, por outra banda, é o que máis apasiona e atrae, é o que fai arder o corazón, como aos discípulos de Emaús

Temos, por tanto, que atopar un novo equilibrio, porque doutra maneira o edificio moral da Igrexa corre o perigo de caer coma un castelo de naipes, de perder a frescura e o perfume do Evanxeo. A proposta evanxélica debe ser máis sinxela, máis profunda e irradiante. Só desta proposta xorden logo as consecuencias morais.

É o momento, seguindo os criterios de *Evangelii Gaudium* de volver ao centro, ao esencial (35), ao Evanxeo (11). Isto supón recoñecer unha xerarquía de verdades morais (EG 36), non insistir no secundario (34), poucos mandatos (43), dar primacía ao amor e á misericordia (37), dar primacía á graza sobre a lei, a Xesucristo sobre a Igrexa, á Palabra sobre o Papa (38).

Desde este centro é desde onde hai que expor a educación das emocións e a educación sexual. A educación das paixóns e a sexualidade supón axudar a madurar a espontaneidade, a discernir os impulsos do corazón, «humanizar os impulsos» (AL 151). Así, a teoloxía axudará a humanizar e plenificar a sexualidade.

Javier de la Torre Díaz

U. Pontificia Comillas

Traduciu Chema Felpeto